

# Unidade 10 - Proba

Cualificación

Nome e apelidos

Data

## 1. Completa as oracións coas palabras do recadro. (1 punto)

artigos de opinión

copia

imprenta



O libro xa está revisado e listo para levar a \_\_\_\_\_.

O exemplar da novela que temos nós non é o orixinal, senón unha \_\_\_\_\_.

Encántame como expresa as súas ideas nos \_\_\_\_\_ esa xornalista.

## 2. Marca con X as afirmacións verdadeiras sobre as linguas oficiais. (1 punto)

En España existen varias linguas oficiais.

Todas as linguas oficiais de España proceden do latín.

O éuscaro é unha lingua máis antiga ca o latín, por iso é máis diferente.

Todas as linguas merecen o mesmo respecto.

## 3. Une mediante frechas cada termo coa lingua á que corresponde. (1 punto)

amizade

éuscaro

laguntasuna

catalán

amistat

castelán

amistad

galego

## 4. Neste texto hai partes en que faltan os dous puntos (:) e o punto e coma (;). Escríbeos onde cumpra. (2 puntos)

Estimada Estrela

Por aquí segue todo igual porén, estou agardando a que veñas. Xa preparei varias cousas as mantas de flores, os peites para o cabelo, os crebacabezas de tantas pezas! Antía sempre me di “Mira que es previsor!” E si, sono coas cousas que me fan ilusión, como a túa visita polo tanto, aquí agardo!

Un bicazo!



# Unidade 10 - Proba

Nome e apelidos

Data

## 5. Localiza e subliña o complemento directo nestas oracións. (2 puntos)



O estante ten moitos libros antigos.

Fas ti os pasteis? Eu decorareinos.

O sábado iremos ao cine ver a película.

Vós traede as pinturas e o lenzo, e eu píntoo.

## 6. Marca cun X as afirmacións verdadeiras sobre o teatro. (1 punto)

- Segundo o tema e os personaxes, hai dúas clases de xéneros teatrais: a traxedia e a comedia.
- Os personaxes das traxedias adoitan ser históricos: reis, condes...
- A comedia trata asuntos serios como a morte, a honra...
- Os personaxes das traxedias case sempre son xente sinxela e corrente.
- A comedia adoita ter un final feliz, e a traxedia, un final desgraciado.



## 7. Pensa nun tema que chame a túa atención e redacta unha reportaxe sobre el. Lembra incluír unha entrada, un desenvolvemento e unha conclusión. (2 puntos)

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---